



CONCELLERÍA XUVENTUDE

PROGRAMA LIDERA FERROL 2016

Con este programa a concellería de Igualdade e Xuventude do Concello de Ferrol, trata de facer un chamamento e activar o talento e habilidade das mozas/os do termo municipal de Ferrol.

Convócase así un certame que premia a creatividade da xuventude, a iniciativa, a capacidade de traballo e a ilusión para desenvolver creacións en distintas disciplinas, contribuindo así á promoción destes mozos/as, as súas obras e o seu talento.

O proxecto vai destinado a toda a mocidade, que reúna os requisitos establecidos nas presentes bases, establecendose unha serie de premios para as diversas categorías artísticas e audiovisuais.

As/os interesados en optar a estes premios, deberán aterse ao establecido nas seguintes bases:

PRIMEIRA.- MODALIDADES ARTÍSTICAS E AUDIOVISUAIS QUE PODEN SER OBXECTO DE PREMIO.

1. CURTAMETRAXE/VIDEOARTE	
DURACIÓN MÁXIMA:	10 minutos
FORMATO: vídeo standar (CD ou DVD), en caixa ou estoxo de protección.	Observacións: os/as autores/as autorizarán ao Concello de Ferrol, para os efectos de posibles proxecións públicas, coa renuncia a calquera tipo de remuneración. *Ver apartado de PROPIEDAD DAS OBRAS
2. DESEÑO SOPORTES DIXITAIS	
Dentro desta modalidade pode presentarse un deseño dunha páxina web, blog profesioal, unha aplicación o un xogo dixital. No suposto de que se opte pola presentación dunha páxina web, ésta debe ser dinámica, con árbore de contidos previos, páxina de introdución, homepage, subpáxinas. Poderá levar a interactividade e animación que a/o participante desexe.	Observacións: non se admitirá o emprego nin a utilización de marcas comerciais nos proxectos que se presenten. * Ver apatado: PROPIEDAD DAS OBRAS.
FORMATO: CD ROM, que conteña exclusivamente o mesmo, en caixa ou estoxo de protección.	

3. FOTOGRAFÍA	
Poderá presentarse un máximo de 4 fotografías, de estilo e temática libres.	Observacións: no caso de máis dunha fotografía deberán ser de temática común. O xurado as avaliará no seu conxunto. *Ver apartado PROPIEDAD DAS OBRAS.
FORMATO: para facilitar a súa exposición deberán achegarse en soporte ríxido, cunha medida que non supere os 30x40 cm. Dentro do soporte o tamaño mínimo do papel fotográfico será de 18x24 cms.	Observacións: non serán admitidas as fotografías que se presenten con cristal no soporte.

4. MÚSICA	
Estilo: libre Solistas ou grupos. Duración máxima canción: 5 minutos. Número de cancións máximo: 1	Observacións: ver apartado PROPIEDAD DAS OBRAS.
FORMATO: CD Permítense as grabacións informáticas.	

5. CREACIÓN E DESENVOLVEMENTO DUN PRODUTO.	
Produtos, proxectos ou obxectos. Características: inéditos, orixinais.	Observacións: ver apartado PROPIEDAD DAS OBRAS.
FORMATO: poden presentarse con prototipos, maquetas, o de xeito virtual, acompañados dunha explicación gráfica ou memoria descritiva.	

6. COMIC/RELATO CURTO	
COMIC. Os traballos, de temática e técnica libres, terán unha extensión máxima de 8 páxinas de tamaño DIN A-4 ou de 4, de tamaño DIN A3. No suposto de achegar obras tratadas informaticamente, deberán unirse os debuxos ou bocetos previos. Non se establece distinción en branco/negro ou cor. Para as obras tratadas informaticamente deberán presentarse os debuxos ou bocetos previos.	Observacións, tanto para comic como para relato curto: *Ver apartado PROPIEDAD DAS OBRAS.
RELATOS. Poderá tratarse de narracións de temática e técnica libre, cunha extensión mínima de 2 folios e máxima de 4. Achegaranse en DIN-A4, por unha soa cara, redactado a dobre espazo e co tipo de letra Times New Roman, núm. 14.	

7. PINTURA/ESCULTURA	
<p>Temática e técnica: libre. Dimensión das obras: Escultura: máximo de 1 metro y medio de altura e 25 quilos de peso. Pintura: máximo de 1 metro e 20 cm. Mínimo, nun dos seus lados. Para o cálculo desta medida quedará excluído o marco.. No suposto de que a pintura non leve marco, deberá achegarse montada de xeito que permita a súa exposición.</p>	
8. TEATRO/DANZA.	
<p>Estilo: libre. A título individual ou grupos. Duración máxima da representación: 10 minutos. Formato: CD ou DVD, coa grabación da actuación, permitíndose as grabacións informáticas.</p>	<p>Observacións: * ver apartado PROPIEDAD DAS OBRAS.</p>

2.- REQUISITOS DAS PERSOAS QUE PODEN OPTAR A PRESENTAR PROXECTOS.

Persoas con idade comprendida entre os 16 e os 30 anos ,ambas franxas incluídas (estes límites de idade teranse en conta en relación coa data de apertura do prazo de presentación de solicitudes), que cumpran, cando menos, un dos seguintes requisitos:

- a)Nadas/os en Ferrol.
- b)Estar empadroadas/os no Concello de Ferrol.
- c) Cursar estudos nun centro educativo ou universitario de Ferrol, no curso académico 2015/2016.

Pódese participar de xeito individual ou colectivo. Neste último caso, cando menos o 50% das/dos integrantes do grupo deberán acreditar algún dos requisitos citados anteriormente.

3.- LUGAR DE INSCRICIÓN.

Os proxectos presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol, en horario de 9:00 a 14:00 horas (de luns a venres) e de 9:00 a 13: horas (os sábados).

4.- PRAZO DE INSCRICIÓN DE SOLICITUDES.

As bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. O prazo de presentación de solicitudes será de 45 días naturais, contados a partir do día seguinte á data de publicación da convocatoria no BOP.

5.- MODELO DE INSCRICIÓN E FORMA DE PRESENTACIÓN DO PROXECTO.

O modelo de inscrición (Anexo I) será proporcionado no Rexistro Xeral do Concello e tamén poderá descargarse da web do Concello de Ferrol (www.ferrol.es).

Coa solicitude achegarase a seguinte documentación:

Sobre pechado que conterá a obra, sobre no que debe constar de xeito claro e lexible **EXCLUSIVAMENTE O TÍTULO DA OBRA E Á MODALIDADE DA MESMA**. Non poderá constar ningún dato mais que poidera identificar a persoa participante. No suposto de que se incumpriera este requisito, quedaría automaticamente excluído.

6.- CONTIDO DO SOBRE.

O sobre deberá conter:

Fotocopia do DNI, en vigor.

Acreditación do cumprimento dos requisitos esixidos nas presentes bases, mediante algún dos seguintes documentos:

Certificado de estar empadroada/o no Concello de Ferrol.

Fotocopia do documento que certifique a matrícula nun centro educativo ou universitario da cidade de Ferrol.

Anexo II: declaración de non ter débedas e de aceptación das bases

7.- ENVÍO DE OBRAS .

As obras que se envíen por correo certificado ou por empresas de mensaxaría, remitiranse á oficina do Rexistro Xeral do Concello de Ferrol (Praza de Armas s/n) dentro dos prazos fixados.

Xunto coas obras enviarase tamen a documentación necesaria explicada no punto anterior.

No exterior do envío (sobre ou paquete) indicarse claramente "concurso lidera Ferrol 2016".

Aclaracións complementarias deste punto:

-A falta de documentación ou inexactitude dos datos dará lugar á non admisión ao concurso.

-Ao dorso de cada obra deberá ir adherido outro sobre pechado. No exterior figurará

soamente o título da obra. No interior levará soamente unha fotocopia lexible do NIF da autora/autor ou autores.

-Queda garantido o correcto tratamento da documentación achegada e dos datos facilitados polos participantes, ao abeiro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter personal (LOPD).

8.-AUTORIZACIÓN DOS PARTICIPANTES .

Na solicitude as/os participantes autorizarán expresamente, e sen contraprestación económica, que no caso de que as súas obras sexan premiadas, as imaxes destas pódense utilizar en publicacións, vídeos e reportaxes fotográficos relativos ao acto da entrega de premios, e na posterior exposición destas obras e, así mesmo, que se publiquen as imaxes na páxina web do Concello, en actividades referidas sempre á promoción de mocidades, cultural e artística que perseque a convocatoria do presente certame.

9.- XURADO.

Estará composto por:

Presidenta: Alcalde ou concelleiro/a en quen delegue

Secretaria: Xefatura do negociado de Igualdade e Xuventude.

Vocais: serán profesionais relacionados coas modalidades obxecto deste certame.

O xurado valorará a orixinalidade, o deseño das obras, a técnica e a calidades artística.

O acordo polo que se concedan os premios de cada modalidade será motivado e corresponderá a súa adopción ao/á concelleira/o delegado/a da Área de Servizos Sociais, tendo en conta a proposta elevada polo xurado.

Algún dos premios poderase declarar deserto, nos supostos de que no houbera participantes, falta de calidade das obras ou por outros motivos razoados e xustificados.

O ditame do xurado será inapelable e sen prexuízo da posible impugnación dos actos ao abeiro do previsto na normativa vixente.

O xurado reservarase o dereito a resolver calquera extremo ou circunstancia que non se contemplan nestas bases, ase como a interpretación das mesmas.

O ditame do xurado farase público no acto de entrega de premios que se celebrará con posterioridade ao que deberán asistir os participantes ou, de ser o caso, a/as persoa/as que acodan na súa representación.

Tralo acto farase comunicación por escrito a cada unha/unho das premiadas/os e publicaranse na páxina web do Concello de Ferrol.

10.- PREMIOS. Os premios para cada categoría serán os seguintes:

Primeiro premio: 600 €

Segundo premio:300 €

Terceiro premio: 100 €

A entrega de premios a realizará o Alcalde de Ferrol e/ou a Concelleiro delegado, no lugar e data que se comunicará polos cauces oportunos.

As/os premiadas/os disporán dun prazo de seis meses para reclamar os seus premios, contados dende o día da entrega dos mesmos. Nos días posteriores á entrega de premios, o Concello comunicárase por carta certificada ou correo electrónico cas/cos interesadas/os, para os efectos de indicarlles o procedemento a seguir para facer efectivo o seu premio.

11.- CRÉDITO ORZAMENTARIO. A concellería Xuventude financiará esta actuación a contía de 8.000,00 €, con cargo a partida 04102 3342 480.00

12.- EXPOSICIÓN E PROMOCIÓN.

O Concello de Ferrol, a través da Concellería de Xuventude, poderá realizar unha exposición das obras das/os premiadas/os no certame. Ase mesmo, poderase proxectar un audiovisual con todas as obras presentadas.

O concello reservase o dereito de utilización das fotografías realizadas das obras premiadas nos actos efectuados co motivo do presente certame, como material informativo da Concellería de Xuventude do Concello de Ferrol.

13.- PROPIEDAD DAS OBRAS.

O concello reservase durante un ano (contado dende o día da entrega do premio) a utilización e o dereito de proxección e reprodución das obras.

Transcorrido este período, o dereito pasará aos seus autores ou autoras, que terán un prazo máximo de dous meses para reclamar as obras.

As/os que non retiren as obras no referido prazo, perderán o dereito de recuperación das mesmas e, en consecuencia, o concello poderá dispor delas.

As obras serán retiradas polas/os autoras/os ou persoas autorizadas na Casa da Xuventude. En ningún caso serán devoltas pola Concellería de Xuventude mediante envío ao enderezo de orixe.

14.- BASES COMÚNS A TODAS AS MODALIDADES.

- 1.- As obras deben ser orixinais, inéditas; o tema e a técnica serán libres.
- 2.- Non se presentarán aquelas que xa foran premiadas noutros certames ou concursos.
- 3.- Non se admitirán as obras que, por representar a persoas, animais ou cousas, sexan susceptibles de ser impuganadas ou reclamados os seus dereitos de utilización, por persoas e institucións que poidan acreditar a súa propiedade.
- 4.- Non se admitirá a utilización nin a aparición de marcas comerciais. As marcas, de ser o caso, deberán ser totalmente ficticias.
- 5.-As/os autoras/os serán as/os únicas/os responsables ante calquera incidencia que polos motivos enriba sinalados se poidan producir.
- 6.-O xurda non se responsabiliza das obras entregadas en CD ou DVD que non poidan ser valoradas porque estes veñan danados.
- 7.-As obras non poderán levar a sinatura da/o autora/o ou das autoras/os , nin o seu título de xeito visible. As obras que non cumpran este requisito quedarán fora do concurso.

8.- O lugar de entrega será na Oficina do Rexisto Xeral do Concello de Ferrol, en horario establecido.

9.- Ante calquera dúbida sobre o contido destas bases, os/as participantes poderán chamar ao teléfono de 981944000, extensión 682.

A organización poñerá o máximo interese no coidado das obras recibidas, pero declinará expresamente toda responsabilidade derivada de accidentes imprevisibles: furto, roubo, incendio ou outra causa de forza maior.

Ferrol,

O concelleiro delegado da Concellería Xuventude

Luís Miguel Victoria Gallego

ANEXO I

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN PARA PARTICIPAR NO PROGRAMA "LIDERA 2016"
FINANCIADO POLA CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE FERROL

Don/dona	
NIF.	
Enderezo	
Localidade	
Código postal	
Teléfono	
e-mail	

EXPÓN: que reúno, polo menos, un dos requisitos esixidos para poder participar neste programa (sinalar cunha x os requisitos que se cumbran):

<input type="checkbox"/>	Nado/a en Ferrol
<input type="checkbox"/>	Estar empadroadado/a no Concello de Ferrol
<input type="checkbox"/>	Cursar estudos nun centro educativo ou universitario de Ferrol no curso académico 2015/2016

Modalidade na que participa:

Título da Obra:

Ferrol,

O/A solicitante,

Sinatura

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

Don/dona.....

Con DNI.....

DECLARO

1. Que acepta as bases da convocatoria na súa totalidade e que cumpre os requisitos esixidos nas mesmas
2. Que se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración municipal
3. Que non está incurso/a en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a de subvencións públicas recollidas nos artigos 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia

Ferrol,

O/A interesado/a